



Federación de Traballadores  
do Ensino  
Comisión Executiva Nacional



Membro fundador da IE e afiliado ó CSEE

## RESOLUCIÓN II COMITÉ NACIONAL

25 de xuño de 2010

En Santiago de Compostela, o día 25 de xuño de 2010, celebrouse a reunión ordinaria do II COMITÉ NACIONAL DA FETE, que aprobou a seguinte **Resolución**:

As medidas adoptadas polos Gobernos Europeos, para paliar a crise económica, supoñen un xiro radical nas políticas que ata o momento viña desenvolvendo, para acadar o benestar social que actualmente logramos en cada estado da Unión Europea. En España as medidas supoñen a rotura dos acordos GOBERNO-SINDICATOS, que se traduce nunha agresión sen precedentes contra os empregados públicos e de centros sostidos con fondos públicos, afectando directamente, ós seus petos así como ós dos pensionistas. O recorte é unha medida inxusta, innecesaria e inútil que non vai mellorar a economía, orixinando, incluso, o feito contrario ó desexado de remontar a crise.

Por outra parte, as reunións mantidas entre a patronal e sindicatos para impulsar a reforma laboral tampouco chegaron a bo porto. Lamentamos que a administración non recollese as propostas sindicais e cedera ás presións dos *lobbys* económicos internacionais.

Como consecuencia de todo iso, as centrais sindicais convocamos unha folga xeral, prevista para o día 29 de setembro, que inclúe un calendario de mobilizacións. A folga debe impedir que o GOBERNO recorte dereitos ós traballadores.

A reforma laboral formulada polo Goberno non é a solución ós problemas da economía. É unha reforma regresiva, que non vai xerar confianza, que abarata o despido e que da un xiro total ás relacións laborais do noso país, quitándolle dereitos ós traballadores a favor dos empresarios.

O Comité Nacional apoia todas as mobilizacións presentadas pola Comisión Executiva Confederal e da UGT-GALICIA que vaian orientadas a defender o poder adquisitivo e os dereitos adquiridos por todos os traballadores.

Para paliar a crise, os gobernos europeos permiten privatización dos beneficios e a socialización dos custos e das perdas empresariais e recortan os dereitos laborais e sindicais esta situación leva a dinamitar o estado do benestar e a mesma democracia.

A Comisión Europea verificou o pasado día 14 de xuño, as medidas de axuste propostas polo Goberno Español para reducir o gasto público, dende o 6% en 2011 e menos do 3% en 2013. A Comisión ratificou que o Goberno terá que revisar o gasto para o 2011 e considerar novas subidas impositivas. Isto vai supoñer o recorte do gasto público, feito



que vai prexudicar os dereitos sociais e laborais educativos así como os do resto dos servizos públicos. Estas actuacións tradúcense, sen dúbida algunha, nunha agresión ó ESTADO DO BENESTAR. Todo elo merece unha resposta global:

#### FOLGA XERAL EN EUROPA 29 SETEMBRO 2010

Agora tócanos a nós dar a coñecer ós traballadores os motivos que nos conducen a convocar esta folga, para que eles sexan conscientes da agresión e que o chamamento paralice o país.

O Comité insta a toda a organización a traballar intensamente para conseguir éxito nas mobilizacións convocadas, empregando todos os recursos axeitados para conseguir o devandito obxectivo.

Dende o punto de vista educativo, a ruptura do PACTO supón outra oportunidade perdida para dar estabilidade ó noso sistema educativo. Despois dun longo período de negociacións e no que todos os integrantes da Comunidade Educativa fixemos concesións para chegar a un PACTO POLÍTICO E SOCIAL pola Educación, os intereses dalgúns partidos, sindicatos e patronais impediron, unha vez máis, alcanzar este consenso necesario.

Dende FETE-UGT seguimos reafirmando a necesidade de alcanzar un pacto educativo. O texto presentado recollía moitas das nosas propostas: definía a educación coma servizo público e ademais deixaba aberta a posibilidade da prórroga da Xubilación LOE, así como a equiparación dos soldos dos traballadores da concertada. A súa firma supuña un pulo importante para as condicións laborais dos traballadores do ensino e un avance na mellora dos resultados académicos do alumnado.

Unha vez roto o Pacto consideramos que as medidas contempladas no mesmo, deben ser negociadas nas distintas mesas sectoriais, reafirmando a negociación colectiva. É fundamental seguir na mesma liña na que vimos traballando ata o momento, trasladando os nosos sinais de identidade a todas as mesas de negociación pero sen perder a visión do conxunto da federación que o documento recollía.

En Galicia a negociación colectiva e o funcionamento das distintas mesas sectoriais están resultando totalmente inútiles para o desenvolvemento do traballo sindical. Atopámonos cunha administración que vulnera a legalidade vixente e toma estes órganos de negociación como instrumentos totalmente ineficaces para a melloralo sistema educativo galego e as relacións laborais dos traballadores e traballadoras do ensino.

As nosas eleccións sindicais van estar enmarcadas nun contexto de mobilizacións e folga xeral que as dúas Confederacións (UGT E CCOO) convocan, co obxectivo de que a crise



económica non se cargue sobre os traballadores, en xeral, e sobre os empregados públicos, en particular.

O Comité presentou a campaña electoral, unha campaña global da UGT que imos levar a cabo todas as federacións. En FETE-UGT estamos traballando para o seu desenvolvemento.

O Comité insta a toda a Federación a trasladar as formulacións da FETE ó conxunto dos centros educativos, así como a informar e dar cauce de participación á afiliación, coa finalidade de recoller as súas aportacións e facelos partícipes do proceso electoral.